

Primeiras botellas premiadas nas feiras 'invernais' da Galicia interior

A primeira convocatoria deste período invernal foi a do augardentia en Vedra, onde o pasado 13 de marzo, o licor de José Torres se fixo co primeiro premio, seguido dos de Manuel Albelo e Camilo Pereiras, que acadaron o segundo e terceiro posto, respectivamente.

Sober e a Feira do Viño de Amandi, celebrada o 20 de marzo, foi a outra cita na que o viño se

encheu de espírito competitivo, xa que o xurado designou como melhores viños desta XXV edición ós das adegas Algueira, de Doade; Cardenal Rodrigo de Castro, de Buioso; e Conde de Piantes, de Santa Curz de Brosmos.

As outras dúas feiras que foron foco de atención foron Chantada e Quiroga, caracterizadas por prescindir de concurso algun, pois prima o apartado de exposición, ven-

ta e presentación dos productos.

A más madrugadora destas feiras foi Chantada que na segunda fin de semana de marzo (o 12 e o 13), albergou a 17 adegas que presentaron os seus produtos, tanto novas añadas como anteriores. Pola súa banda, Quiroga pechou marzo cunha nova edición da súa feira, na que 16 colleiteiros expuxeron ó público o resultado do seu traballo tradicional coa uva. ■